

Bos días familias.



Bos días rapazas e rapaces!
Chegou o gran día
Un gran aplauso polos
LIBROS.

Como moitos e moitas xa saberedes, o día **23 de abril** celébrase o **día do libro**.

Este curso está a ser algo diferente, polo que O Trasno Aquilino non pode facer unha actividade na que poidamos participar todos e todas das aventuras e desventuras que vivenciamos nas nosas lecturas.

Polo tanto, propóñovos que enviesdes unha foto vosa, na que esteades a ler o voso libro favorito ou algún que vos apeteza nese momento. A data límite será o sábado 18 de abril.

Dese xeito ver que pase o que pase, a lectura é un dos mellores modos de desfrutar, tanto en familia como de xeito individual. De que non importa que a historia sexa de magos ou piratas, xa que o somerxerte nela é o que a fai fascinante. Ou porque nunca saberemos onde pode atoparse á nova Rosalía de Castro, ao novo Cervantes ou á nova J.K. Rowling.

As fotografías podedes envalas ao seguinte correo:

ariadnamascarosanchis@edu.xunta.es

E recordade, que agora non podemos saír da casa, pero:

“Para viaxar lonxe, só fai falta un bo libro”.
Emily Dickinson.

Asinado:

O trasno Aquilino.

Na Fraga do Aquilino, a 15 de abril de 2020